

IES LAURO OLMO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º BACHARELATO (HISTORIA DA ARTE)

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Profesor: Eladio Ramón Santos Martínez.

CURSO 2021-2022

ÍNDICE.

1. Introducción e contextualización (páx. 3).
2. Obxectivos (páx. 4).
3. Contidos (páx. 6).
4. Estándares de aprendizaxe avaliábelesen relación coas competencias clave (páx. 7).
5. Estándares de aprendizaxe avaliábeles en relación coa temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación (páx. 13)
6. Metodoloxía didáctica(páx. 14).
7. Materiais e recursos didácticos (páx. 15).
8. Procedemento de avaliación continúa: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado (páx. 16) .
9. Procedemento de avaliación extraordinaria (páx. 17).
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente(páx. 17) .
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar (páx. 19).
12. Medidas de atención á diversidade (páx. 19).
13. Elementos transversais (páx. 19).
14. Actividades complementarias e extraescolares (páx. 21).
15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas e procesos de mellora (páx. 21) .

1. Introducción e contextualización.

O noso departamento de Xeografía e Historia está formado por 2 profesores e unha profesora con praza fixa e unha profesora que ocupa praza provisional. Levamos traballando xuntos e coordinados e consideramos que temos uns criterios uniformes na concepción do que debe ser o noso centro e o proceso de ensino, estando a conseguir a maior parte dos nosos obxectivos anuais.

O profesorado do departamento tamén tenta aplicar as novas metodoloxías educativas como o traballo por proxectos documentais, dunha maneira cada vez máis relevante no noso proceso de ensino-aprendizaxe, así como a introdución das TICS como ferramenta educativa.

Así pois como liñas xerais da programación desta materia insistimos nas seguintes:

- A Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.
- O estudo da historia da arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades: é, daquela, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural.
- Proponse unha selección, seguindo as recomendacións da CIUG para a probas ABAU, que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea. Neste sentido centraremos no estudo das características esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, a través da análise dun número limitado de obras representativas.
- Utilizarase, tamén seguindo á CIUG, o seguinte método: identificación, análise formal e técnico, e comentario que inclúa os aspectos iconográficos, históricos e sociolóxico das distintas obras de arte seleccionadas.
- O coñecemento da historia da arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas das demais persoas, a capacidade de satisfacción ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, xa que se trata dun legado que se lles debe transmitir ás xeracións futuras.

2. Obxectivos.

2.1. En primeiro lugar, compre lembrar os **obxectivos xerais da etapa (BACH)** recollidos no DOG de 29 de xuño de 2015:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.2. En concreto os **obxectivos do curso de HISTORIA DA ARTE DE 2º BACHARELATO** son os seguintes:

1. Ofrecer unha visión de conxunto das diversas manifestacións artísticas a través do coñecemento da evolución dos estilos significativos. Para iso é imprescindible chegar a posuír unha información sobre os trazos xerais de cada un deles, así como dos artistas e obras máis representativas.
2. Incluír as manifestacións artísticas no marco histórico en que se desenvolven. A obra de arte é testemuña dun pensamento, dunha cultura e dun momento histórico que se manifesta a través da beleza e das formas. Isto implica relacionar ditas manifestacións co acontecer histórico en xeral e local en que se producen.
3. Analizar comprensivamente a obra de arte. Para iso exercitarase a capacidade perceptiva, a observación se debe estar en posesión do coñecemento e utilización correcta dunha linguaxe artística, dunha terminoloxía que se aplique á análise das obras.
4. Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos da arte occidental, situándoos no tempo e no espazo e valorando a súa influencia en etapas posteriores.
5. Coñecer, gozar e valorar o patrimonio artístico, contribuíndo de forma activa á súa conservación e rechazando os comportamentos que o deterioreen ou ningún.
6. Contribuír á formación do gusto persoal, á capacidade de goce estético e ó sentido crítico, e aprender a expresar sentimentos propios ante a contemplación da obra de arte.
7. Realizar as actividades de documentación e de indagación nas que se analicen, contrasten e interpreten informacións diversas sobre aspectos da Historia da Arte.
8. Elaborar comentarios de diferentes obras artísticas tanto de arquitectura, escultura como pintura.
9. Seguir con rigor as pautas da análise e comentario de obras de arte.
10. Considerar e valorar a arte en relación coa sociedade e gustos dunha época e a forte carga de subxectividade que ten.
11. Asumir actitudes de responsabilidade individual fronte á pandemia seguindo as normas hixiénico-sanitarias como unha maneira clave de protección e defensa da saúde pública

3. Contidos. Entendendo os contidos como o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias, dende o departamento de Xeografía e Historia ordenámolos do seguinte xeito:

3.1. Coñecementos:

1. Arte clásica: Grecia.Roma.
2. Arte medieval: Arte bizantina. Arte prerrománica. Románico. Gótico.
3. A arte da Europa moderna: Renacemento. Barroco.
4. A arte do século XIX. Goya. Impresionismo.Postimpresionistas.
5. A arte na primeira metade do século XX: as vangardas.
6. A arte na segunda metade do século XX: das segundas vangardas á posmodernidade.

3.2. Procedementos, habilidades e destrezas:

- Tratamento da información: elaboración de esquemas e sínteses, e análise e comentario de obras da arte.
- Elaboración de eixes cronolóxicos xerais e parciais coas datas e obras máis representativas da historia da arte.
- Confección dun glosario de termos artísticos básicos, utilizando no seu caso dicionarios de todo tipo.
- Uso axeitado do vocabulario e técnicas específicas da historia da arte (imaxes, textos, esquemas, comentarios) para interpretar correctamente as diversas fontes utilizadas primarias e secundarias (orais, escritas, iconográficas, materiais), .

3.3. Actitudes

- Exposición clara e concisa de conceptos.
- Adquisición de hábitos de traballo nos que se recoñeza a importancia dunha presentación no seu debido tempo, ordenada, rigorosa e pulcra.
- Construción dun grado de autonomía para a realización de tarefas e busca de información.
- Conciencia da necesidade da conservación e mellora do patrimonio artístico para procurar unha mellor calidade de vida.
- Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión e procedencia social.
- Conciencia da necesidade da paz como ben primordial, rexeitando a guerra como factor resolutivo de los conflitos.
- Valoración da pluralidade política como condición indispensable para una convivencia pacífica e igualitaria, rexeitando calquera tipo de intolerancia e discriminación.
- Asimilación de actitudes de responsabilidade individual seguindo as normas hixiénico - sanitarias como unha maneira clave de protección e defensa da saúde pública

4. Estándares de aprendizaxe avaliados en relación coas competencias clave.

As competencias clave serán as seguintes: CD: Competencia dixital. CCEC: Conciencia e expresións culturais. CCL: Comunicación lingüística. CAA: Aprender a aprender. CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica				
N	B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.	B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución.	CCEC CCL CAA
			HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.	CCEC CCL CAA
d e m n	B1.2. Comentario de obras de arte: Grecia.	B1.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB1.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: <i>Partenón</i> , <i>Templo de NikéAptera</i> , <i>Erecteion</i> ,..	CD CCEC CCL CAA
			HAB1.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: <i>Discóbolo</i> (Mirón), <i>Doriforo</i> (Policleto), frontóns do Partenón (Fidias), <i>Hermes de Ollimpiae</i> , <i>Venus de Cnido</i> (Praxíteles), <i>Ménade</i> (Scopas), <i>Apoxiomenos</i> (Lisipo), <i>Laoconte</i> .	CD CCEC CCL CAA
n p	B1.3. Visión do clasicismo en Roma. A arte en Hispania.	B1.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB1.3.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución.	CCEC CCL CAA
			HAB1.3.2. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.	CCEC CCL
d e m n	B1.4. Comentario de obras de arte: Roma.	B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: <i>Panteón de Roma</i> , <i>Coliseo de Roma</i> , <i>Arco do Triunfo de Tito</i> , <i>Acueduto de Segovia</i> , <i>Teatro de Mérida</i> .	CD CCEC CCL CAA

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval				
N	B2.1. Arte bizantina.	B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.1.1. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla	CCEC CCL CAA
d e m n	B2.2. Comentario de obras de arte bizantina	B2.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.2.1. Identifica, analiza e comenta a igrexa de <i>Santa Sofía de Constantinopla</i> .	CD CCEC CCL CAA
N P	B2.3. Arte prerrománica.	B2.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB2.3.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.	CCEC CCL
d e m n	B2.4. Comentario de obras de arte prerrománica	B2.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte prerrománica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura prerrománica: <i>Santa Comba de Bande, Santa María do Naranco, San Miguel de Celanova</i> .	CD CCEC CCL CAA
n	B2.5. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.	B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
d e m n	B2.6. Comentario de obras de arte románica.	B2.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arte románica: <i>Catedral de Santiago: interior, Portada de Praterías, Pórtico da Gloria; Mosteiro de Oseira (interior)</i> .	CD CCEC CCL CAA
n	B2.7. Achea do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.	B2.7. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.7.1. Describe as características e a evolución arte gótica, especificando as novidades innovacións introducidas na arquitectura, na escultura e na pintura (Trecento italiano e escola flamenga do século XV).	CCEC CCL CAA
d e m n	B2.8. Comentario de obras de arte gótica.	B2.8. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: <i>Catedral de Reims e Catedral de León</i> , tanto o exterior como o interior.	CD CCEC CCL CAA

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HAB2.8.2. Identifica, analiza e comenta o <i>grupo da Anunciación e a Visitación</i> da catedral de Reims.	CD CCEC CCL CAA
			HAB2.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: " <i>A fuxida a Exipto</i> ", e " <i>O pranto ante Cristo morto</i> " ambas de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua. " <i>Virxe do Chanceler Rollin</i> " e " <i>Matrimonio Arnolfini</i> ", ambas de Jan Van Eyck.	CD CCEC CCL CAA
Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno				
n	B3.1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.	B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.1.1. Explica as características e a evolución da arte renacentista italiana dende o Quattrocento ao manierismo, especificando as novidades en arquitectura, escultura e pintura.	CCEC CCL CAA
d e m n	B3.2. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.	B3.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento: <i>Santa Maria dei Fiori</i> , <i>Basilica de San Lorenzo</i> , <i>Palaccio Pitti</i> , todas de Brunelleschi; <i>San Pietro in Montorio</i> de Bramante; <i>cúpula de San Pedro do Vaticano</i> , de Michelangelo; <i>O Escorial</i> de Juan de Herrera.	CD CCEC CCL CAA
			HAB3.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: " <i>David</i> " e " <i>Gattamelata</i> ", ambas de Donatello; e as seguintes obras de Michelangelo: " <i>Piedade do Vaticano</i> ", " <i>Piedade Rondamin</i> ", " <i>David</i> ", " <i>Moisés</i> " e as <i>tumbas dos Medici</i>	CD CCEC CCL CAA
			HAB3.2.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento: " <i>O tributo</i> " de Masaccio; " <i>A Virxe das rochas</i> ", " <i>A última cea</i> " e " <i>A Gioconda</i> ", de Leonardo da Vinci; " <i>A Virxe do xilgaro</i> ", " <i>A Escola de Atenas</i> " de Rafael; a bóveda e o " <i>Xuízo Final</i> " da Capela Sixtina, de Michelangelo; " <i>Amor Sacro e Amor Profano</i> " e " <i>Carlos V en Mühlberg</i> ", de Tiziano; " <i>O martirio de San Mauricio</i> ", " <i>O enterro do Señor de Orgaz</i> ", " <i>A adoración dos pastores</i> " de O Greco.	CD CCEC CCL CAA

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	B3.3. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.	B3.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.3.1. Explica as características, evolución e tendencias ou escolas do Barroco, marcando as diferencias respecto ao Renacemento, tanto na arquitectura como na escultura e na pintura.	CCEC CCL CAA
d e m n	B3.2. Comentario de obras de arte: arte do Barroco.	B3.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: <u>Barroco italiano</u> : fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; praza de San Pedro do Vaticano e baldaquino de San Pedro do Vaticano, ambas de Bernini. <u>Barroco compostelán</u> : Torre do reloxo da catedral de Santiago, de Andrade; Fachada do Obradoiro, de Casas Novoa e Fachada do convento de Santa Clara de Simón Rodríguez.	CD CCEC CCL CAA
			B3.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas: "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", ambas de Bernini; "Cristo xacente" de Gregorio Fernández.	CD CCEC CCL CAA
			HAB3.2.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco: Caravaggio: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", "O enterro de Cristo", "Cea de Emaús" Velázquez: "O augador de Sevilla", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "As meninas", "O bufón Pablos de Valladolid", "Vella fritindo ovos"	CD CCEC CCL CAA
Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación				
n	B4.1. A figura de Goya.	B4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.	HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.	CCEC CCL CAA
d e m n	B4.2. Comentario de obras de arte: Goya.	B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O oleiro valenciano", "A familia de Carlos IV", "As Majas", "O 2 de maio" ou "A carga dos mamelucos", "Os fusilamentos da Moncloa"; "Oaquelarre".	CD CCEC CCL CAA

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	B4.3. Evolución da pintura a finais do século XIX: O Impresionismo e os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.	B4.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura de finais do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB4.3.1. Describe as características xerais e as achegas do Impresionismo e dos posimpresionistas como correntes precursoras das vangardas do século XX.	CCEC CCL CAA
d e m n	B4.4. Comentario de obras de arte: impresionistas e posimpresionistas.	B4.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas dos impresionistas e posimpresionistas, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas: "Almorcocampestre", de Manet; "Impresión, sol nacente" "A estación de Saint Lazare" e asseries sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Natureza morta con tarteira" de Cézanne; "A habitación de Arles" "Café nocturno", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" de Gauguin.	CD CCEC CCL CAA
Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX				
n	B5.1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. 	HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior, mencionando as principais características das distintas tendencias.	CCEC CCL CSC
d e m n	B5.2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.	B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "O berro", de Munch; "A raia verde, de Matisse; "Pintura con tres manchas" de Kandinsky; "As señoritas de Aviñón", "A moza da mandolina", "Tres mulleres nunha fonte", "Pablo vestido de Arlequín", "Os tres músicos", "Guernica" "As Meninas segundo Velázquez" todas de Picasso; "Táboa número 1", de Mondrian; "A fonte" e "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "A persistencia da memoria", de Dalí.	CD CCEC CCL CAA
n	B5.3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.	B5.3. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais e as achegas da arquitectura orgánica.	CCEC CCL CAA
d e m n	B5.4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.	B5.4. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: A casa da ferverza de Wright; A vila Saboyae A igrexa de Ronchamp de Le Corbusier.	CD CCEC CCL CAA

IES LAURO OLMO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX				
n	B6.1. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.	B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das distintas tendencias das artes plásticas desde a segunda metade do século XX.	HAB6.1.1. Explica as características das distintas tendencias das artes plásticas dende a segunda metade do século XX.	CCEC CCL CAA
d e m n	B6.2. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.	B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras pictóricas: "Número 1" de Pollok; "Marrón e Ocre" de Tapies; "Sopa Campbell's" e "Marilyn Monroe" ambas de Warhol; "Nu con pirámide" de Roy Lichtenstein.	CD CCEC CCL CAA
Bloque 7. Aspectos metodolóxicos				
e n	B7.1. Vocabulario artístico.	B7.1. Utilizar e coñecer a terminoloxía específica da arte, definindo con precisión os elementos e as técnicas principais.	HAB7.1.1. Define con corrección os conceptos artísticos suxeridos pola CIUG.	CD CCEC CCL
d e g m n	B7.2. Traballo de investigación en historia da arte.	B7.2. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB7.2.1. Realiza traballos de investigación e proxectos documentais integrados sobre os distintos estilos e obras da historia da arte, para facer exposicións orais.	CD CCEC CCL CAA CSIEE
H n p	B7.3. Conservación do patrimonio.	B7.3. Respetar as creacións da arte, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB7.3.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras da arte seleccionadas nos estándares de aprendizaxe dos Bloques 1 a 6 ambos inclusive.	CD CCEC CCL CAA CSIEE

5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación coa temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis veñen marcados pola estrutura da proba ABAU, que consiste na definición de 4 termos artísticos dunha listaxe suxerida pola CIUG (máximo 2 puntos) e na identificación, análise e comentario de dúas obras de arte (máximo 4 puntos cada unha), escollidas da selección dada pola CIUG e que se recolleu no cadro do punto anterior.

5.1. Temporalización.

- 1ª AVALIACIÓN: Arte clásica (Grecia e Roma); arte bizantina; arte prerrománica, arte románica.
- 2ª AVALIACIÓN: Arte gótica. Renacemento. Barroco.
- 3ª AVALIACIÓN: Arte dos séculos XIX e XX.
- DURANTE TODO O CURSO: Definición de termos artísticos.

5.2. Grao mínimo de consecución.

Seguindo as recomendacións da CIUG e a estrutura da proba ABAU, para cada estándar de aprendizaxe se require como mínimo a definición de termos artísticos e a identificación, análise e comentario das obras seleccionadas.

5.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Mentres se manteña a ensinanza presencial serán os seguintes:

- Probas escritas, seguindo a estrutura da proba ABAU, cun máximo de 90 minutos de duración (ver o inicio deste apartado).
- Traballos de investigacións e prácticas que consistirán na busca de imaxes para facer a identificación de cada obra e así elaborar un catálogo para a análise das obras de arte seleccionadas
- Exposición oral para o comentario de obras de arte.

6. Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía didáctica seguida será activa e participativa, partindo do coñecemento do alumnado e favorecendo o traballo individual e cooperativo.

Tendo en conta as distintas metodoloxías didácticas posibles na ensinanza da Historia, optamos por aquela que utiliza o dobre recurso á construción do coñecemento histórico sobre a base de fontes de diverso tipo e a exposición oral e dirección do profesorado na aula. É dicir, a ensinanza por exposición significativa e a investigadora.

Fomentarase a correcta expresión oral e escrita mediante o traballo en proxectos documentais, utilizando tanto os recursos e actividades da biblioteca escolar como as aulas de informática, para integrar as tics nas aulas.

Ademais dedicarase un tempo á lectura cada día, non só do propio libro de texto, senón de textos seleccionados, seguindo as pautas do proxecto lector do centro.

O profesorado será quen decida en cada momento o que debe facer na aula e como debe utilizar un determinado material ou recurso didáctico para lograr uns mellores resultados no proceso ensino-aprendizaxe, adaptando así os contidos ao alumnado que teñamos cada curso. O profesorado facilitará as explicacións pertinentes en cada tema axudando ao alumnado a distinguir o máis importante, e así poder elaborar guións, esquemas e sínteses. Traballarase cos materiais propostos no libro de texto e todos aqueles que considere necesario para o reforzo de contados, buscando a renovación e actualización dos materiais, principalmente:

- Uso de mapas, tanto mudos (para lograr identificar lugares...) como temáticos (xeográficos e históricos, para apoiar os contidos).
- Elaboración e análise de gráficas, principalmente para o estudo de aspectos demográficos e económicos.
- Realización de proxectos documentais, especialmente para os aspectos culturais e artísticos.
- Saídas guiadas.

Utilizaránse os diversos espazos dentro e fóra da aula en función da natureza das actividades que se poidan levar a cabo (dentro da aula, biblioteca, audiovisuais, aula de informática, roteiros, saídas didácticas, etc...)

Dende o o noso departamento se apoiarán todas as experiencias innovadoras levadas a cabo polo profesorado do centro, así como os distintos proxectos do noso instituto: Biblioteca Escolar, Normalización Lingüística, Proxecto Lector, Plan de Convivencia....

7. Materiais e recursos didácticos.

- *Libro recomendado*: da editorial Vicens-Vives (hai exemplares na nosa biblioteca)
- *Caderno do Alumnado*, onde realizará as actividades propostas polo profesorado.
- *Mapas murais (físicos, políticos, temáticos...)* da colección do departamento e *mapas mudos* para a súa elaboración por parte do alumnado.
- *Prensa e libros* tanto da biblioteca escolar como da colección do departamento.
- *Enderezos da Internet*: tanto da propia editorial Vicens-Vives, como doutras páxinas web (historiasiglo20, la cuna de halicarnaso, practicopedia, sildeshare, mapas flash interactivos, cliohistoria, arthistoria, youtube, blogs, prensa, etcétera) para extraer gráficos, mapas, series estatísticas e todo tipo de materiais que reforcen e complementen os contidos, habilidades e competencias.
- *Medios audiovisuais*: Fragmentos de películas, documentais en DVD, CD-ROM da colección do departamento así como visualizacións online na Internet.
- *Realización de test interactivos*.
- *Potenciarase o uso das plataformas dixitais e redes sociais*: durante todo o curso utilizaremos basicamente a aula virtual do noso instituto, onde está rexistrado todo o alumnado, sen desbotar a posibilidade de utilizar outros medios como classroom, facebook, instagram, etc.

8. Procedemento de avaliación continúa: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción...

Dentro do proceso de avaliación teremos en conta as probas escritas (2 por cada avaliación), as prácticas, os traballos de investigación baseados na metodoloxía por proxectos, o caderno de traballo na aula, e a actitude e interese pola materia.

Consideramos, por acordo de departamento que o resultado final da nota de avaliación e do curso establececese en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación: os contidos avaliados a partir de probas escritas, contarán un 90% da nota final de curso, valorándose ata un 10% o traballo do alumnado na aula, a entrega de traballos e comentarios ao longo do curso, o interese pola materia, a continuidade e asistencia a clase e a actitude na aula.

As notas parciais, das dúas primeiras avaliacións, redondearanse á unidade inferior, pero se terá en conta a nota real, con decimais, para achar a media global do curso, que se achegará á unidade máis próxima.

Tamén compre aclarar que **no caso de que o alumnado copie no exames, eses exames serán valorados cunha nota de 0 puntos, tendo a oportunidade de se presentar á recuperación da avaliación pertinente.**

O alumnado **terá que ter aprobadas todas as avaliacións para promocionar.** En caso contrario deberá presentarse a un exame final en maio.

Todas as anteriores consideracións serán expostas ao alumnado durante os primeiros días do curso.

9. Procedemento de avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria de setembro ofrece ao alumnado a posibilidade de realizar unha proba para superar aqueles contidos mínimos necesarios para aprobar a área. O profesorado proporcionará ao alumnado, no mes de xuño, eses contidos mínimos esixibles.

No caso de que o alumnado copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar a nosa práctica docente e os logros da mesma, faremos reunións do departamento periodicamente nas que abordaremos o seguimento da programación prevista, o seu grao de cumprimento, as dificultades atopadas así como as medidas correctoras que se poidan tomar. Tamén nas reunións do equipo avaliador faremos análises comparativos nos que se analice a consecución dos graos de mínimos de estándares de aprendizaxe na nosa área e nas demais. En función destes análises sacaremos conclusións e, se procede tomaremos medidas correctoras do desenvolvemento da programación, que se farán constar na memoria de fin de curso. Os acordos, medidas correctoras ou modificacións das programacións produto da auto-avaliación da práctica docente faranse constar en acta.

Tamén elaboraremos informes, os profesores do departamento, despois de cada avaliación no que verteremos as nosas experiencias co desenvolvemento da práctica docente en cada grupo e prestando especial atención aos alumnos con maiores dificultades de consecución dos obxectivos mínimos. En reunións periódicas con xefatura de estudos, avaliaremos, tamén a nosa práctica docente e casos específicos nos que puidera haber dificultades, falta de recursos, problemas de organización etc.

Basearémonos na seguinte táboa para avaliar a práctica docente:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a programación de área; instrumentos de planificación que coñezo e utilizo.		
Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo) axustados á programación didáctica e as necesidades do alumnado.		
Selecciono e temporizo os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente os estándares de aprendizaxe que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
Establezo, de modo explícito, os criterios e instrumentos de avaliación e auto avaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao en que alcanzan na adquisición das competencias básicas.		
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.		
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co profesorado que imparte en 2º da ESO e co departamento de Xeografía e Historia.		

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar.

Durante os primeiros días do curso faremos actividades iniciais diversas de tipo procedimental, para observar ao alumnado no uso das diversas fontes xeográficas e históricas, tales como a utilización e manexo do libro de texto e de atlas, a lectura en voz alta, a e descrición de mapas e imaxes xeográficas e históricas e a interpretación de liñas do tempo; tamén se realizarán probas sinxelas de coñecemento de vocabulario xeográfico e histórico básico.

Esta avaliación inicial acompañarase da observación directa dos materiais producidos polo alumnado así como da información recollida nas reunións do departamento, da opinión do profesorado que coñeza ao alumnado, do apoio do gabinete de orientación e da reunión de pre-avaliación que convoca a xefatura de estudos durante o primeiro mes do curso, para indagar sobre as características do alumnado.

12. Medidas de atención á diversidade.

Aceptada a diversidade dos niveis de madurez entre o alumnado dunha aula, deseñaremos as estratexias adecuadas para garantir unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Haberá actividades de reforzo e de ampliación e faranse agrupamentos flexibles en función das necesidades de traballo.

13. Elementos transversais.

A materia de Xeografía e Historia cumpre como un vehículo axeitado para desenvolver todos os elementos transversais do currículo. Neste senso compre destacar a metodoloxía por proxectos documentais integrados, cada vez máis utilizada polos membros do noso departamento para contribuír así á formación de usuarios, ao fomento da lectura, á alfabetización informacional e á educación documental.

A comprensión lectora desenvolverase mediante unha serie de medidas de contribución ao Proxecto Lector e ao Plan Anual de Lectura do noso instituto:

- Participación activa nas actividades programadas como a HORA DE LER e outras deseñadas polo equipo da biblioteca escolar.
- Traballo en proxectos documentais con fondos da nosa biblioteca.
- Levaremos á lectura á aula de xeito sistemático e periódico. Utilizaremos os recursos da biblioteca na que dispoñemos de fondos axeitados de lectura xuvenil con contido histórico e narrativa histórica.

A expresión oral e escrita tamén se traballará non só a través das probas e actividades, senón mediante a metodoloxía de traballo por proxectos, xa que o obxectivo final destes proxectos será a presentación escrita e oral do alumnado participante.

A comunicación audiovisual é outro elemento transversal propio da actividade cotiá na nosa área, mediante:

- Traballo en proxectos documentais con fondos da nosa biblioteca.
- Utilización das coleccións documentais do departamento e da biblioteca así como das obtidas a través da rede.
- Participación nos programas, proxectos e actividades da biblioteca, equipo de dinamización e vicedirección.

Como medidas de contribución ás tecnoloxías de información e comunicación (TICS) tomaremos as seguintes:

- Nos proxectos documentais integrados o alumnado estará en permanente contacto coas fontes dixitais grazas a procura de información en rede, dun xeito selectivo.
- Os proxectos documentais deberán presentarse en soporte dixital.
- Utilización de cartografía dixital na rede.
- Visita de páxinas de información estatística, cartográfica, xeográfica, histórica e artística para traballar con fins educativos.
- Participación nos diversos blogs de contido histórico e xeográfico, así como nas redes sociais do instituto e da biblioteca.

A participación nas actividades descritas tamén desenvolverán no alumnado o emprendemento, xa que logo valoraranse aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Outro elemento transversal fundamental no desenvolvemento curricular da Xeografía e Historia é a educación cívica e constitucional, polo que todas as actividades, traballos, proxectos e propostas que se mencionan con anterioridade estarán enfocadas a:

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, da igualdade de trato e da non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade,
- Resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social,
- Fomento dos valores que sustentan o Estado de dereito como a liberdade, a xustiza, a igualdade, a pluralidade, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos,
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia, incluída a violencia terrorista, de racismo, de xenofobia.
- Rexeitamento de calquera tipo de explotación, abuso e maltrato.

- Rexeitamento de calquera tipo de comportamento sexista e dos estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Defensa do desenvolvemento sustentable do medio, promovendo actitudes para loitar contra o quecemento global.

Tamén compre destacar a educación para a saúde para favorecer, en xeral, comportamentos que contribúan a promoción, o mantemento e a restauración da saúde.

14. Actividades complementarias e extraescolares.

Dende o departamento de Xeografía e Historia tómase a decisión de que este curso organizaremos saídas didácticas pola nosa contorna, destacando especialmente a nosa participación nas actividades programadas en conmemoración de Florencio Delgado Gurriarán, homenaxeado nas Letras Galegas de 2022.

Tamén quedaremos a espera de que se podan realizar viaxes a algunha das cidades galegas, en función da información que nos traslade a vicedirección.

Iso si promoveremos a participación e colaboración activa nas actividades complementarias programadas dentro do centro polos diversos organismos (vicedirección, biblioteca escolar, equipo de normalización lingüística , etcétera).

15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Os membros do departamento estaremos pois utilizando a programación como instrumento de traballo e referencia.

Nas reunións periódicas do departamento durante o curso (mínima unha ao mes) faremos unha posta en común sobre o desenvolvemento da programación e a súa posta en práctica.

Anotaremos en actas as dificultades, carencias, problemas, aspectos a mellorar, aspectos que funcionan ben, posibles problemas de temporalización, adecuación de obxectivos, necesidades que detectemos, particularidades específicas dalgúns cursos e grupos, e, por supostos, a avaliación do alumnado e os seus resultados.

Ao final de curso faremos un informe ou memoria, baseándonos na observación continua recollida e nos resultados finais, para reestruturar o que se considere oportuno, sempre de acordo todos os membros do departamento, de maneira que quede modificada para o vindeiro curso.